

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 curso 20/21

NORMAS XERAIS COMÚNS PARA O ALUMNADO E PROFESORADO.

1. Cada centro educativo deberá contar cun equipo formado na COVID19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias. Na EASD Ramón Falcón estará formado por:

EQUIPO COVID19:

ESTHER MUÑOZ MELLA.(Directora do Centro).

ALEJANDRO CARRO (Vicedirector).

RAMÓN IRAZU (Xefe de Estudos)

2.O persoal docente e non docente e TODO o alumnado do centro educativo deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas segundo o anexo I .

ANEXO I(SE ADXUNTA O DOCUMENTO)

3.Ante a aparición de sintomatoloxía compatible (a relacionada no anexo I) no persoal non docente , profesorado ou alumnado , non acudirán ao centro educativo e chamarán ao seu centro de saúde de referencia e a algunha das persoas membros do equipo COVID. Serán os facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran.

4.Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais (caso de minoría de idade). O ben a propia xustificación do alumnado maior de idade.

5. Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARSCoV-2 nun alumno/a, DURANTE A ESTANCIA no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia(caso de minoría de idade) ou persoa de referencia ,que deberá presentarse no centro á maior brevidade.

Unha persoa da familia, o ben o propio alumno o alumna, solicitará consulta telefónica co seu facultativo que valorará a solicitude dun test diagnóstico.

Se o facultativo non tivera consulta no mesmo día, acudirá ao PAC onde será avaliada a solicitude do test diagnóstico. Se isto non fora posible, contactarase co equipo sanitario do centro de saúde que teña asignado o centro educativo.

6. Se algunha persoa do núcleo familiar o social é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con elas non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

7. Para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, as ausencias derivadas da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.

8. O Alumnado e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar mascarar en todo o recinto , nas aulas e fora delas .e absolutamente imprescindible que todo o persoal docente, no docente e ALUMNADO leven a súa propia máscara para uso persoal, O centro non proporcionará máscaras, agás en casos excepcionais.

TODO O PERSOAL E ALUMNADO DEBERÁ EFECTUAR NA ENTRADA A CALQUERA DOS RECINTOS DA ESCOLA A DESINFECCIÓN DAS SÚAS MANS .

Non poderá acceder á escola a persoas que non levan máscara.

9. É obrigatorio usar máscara de protección na aula o taller , e en todo caso, nas circulacións polos espazos comúns (corredores, baños, escaleiras, etc), nas entradas e saídas ao centro, e na estancia na biblioteca.

10. Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros co demais persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída na Escola , e sempre que se permanezca no recinto da Escola

11.O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as. Nas aulas ou no propio pupitre ou mesa de traballo , deberá existir un espazo diferenciado para o material de cada alumno e alumna de xeito que non permita ser manipulado por outros compañeiros/as . .

12.Para garantir esta medida, haberá en todas as aulas e talleres unha solución desinfectante e panos desechables .

Será obrigación de cada un dos usuarios / as a conveniente desinfección do material que foi utilizado, comprendendo o espazo utilizado , xa sexa mesa, cadeira, computador , etc.

O material utilizado para levar a cabo esta limpeza será refogado nas papeleiras que haberá para este labor, en cada aula e taller .

13.Está absolutamente prohibido fumar en todas as instalacións, corredores, entradas e saídas da Escola.

MEDIDAS ESPECÍFICAS PARA TALLERES.

1. Ao inicio da actividade o alumnado deberá ser informado sobre as medidas e recomendacións a seguir e, no seu caso, dotarase a estes espazos de carteis informativos. Cada taller tendrá normas específicas de uso e hixiene, éstas serán comunicadas ao alumnado polo profesorado .

2. Estableceranse as medidas axeitadas para que o alumnado especialmente sensible poida desenvolver as actividades.

3. Os equipos de protección individual, o ben as ferramentas , e útiles do uso dos talleres que non formen parte do equipamento propio do alumnado deberán estar perfectamente hixienizados para o seu uso.

4. O uso das ferramentas e dos equipos de traballo planificarase de xeito que a realización da práctica supoña a mínima manipulación posible. Deberán ser hixienizados despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte grupo .

NORMAS ESPECÍFICAS PROFESORADO.

1. O profesorado deberá dispoñer dunha dotación de material e hixiene composto por panos desechables , solución desinfectante e xel hidroalcohólico na aula ou taller que **USARÁ EN CADA CAMBIO DE AULA E NA LIMPEZA DA súa MESA E CADEIRA**, a material desinfección será fornecido pola Escola .

2. En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente , así como da ventilación da aula e de lembrar ao alumnado as medidas de hixiene e seguridade.

3. As reunións de departamentos e equipos docentes faranse respectando o aforo máximo e cumprindo a distancia de seguridade de 1,5 m. O equipo directivo establecerá o uso de espazos para as diferentes reunións.

Para poder cumprir esta obrigaición , o profesorado organizará a docencia para que nos últimos 5 minutos da clase co grupo , o alumnado poida realizar os labores de desinfección da súa mesa, material utilizado , limpeza de mans etc.

Mentres o alumnado realiza estes labores de desinfección, o profesorado procederá á ventilación da aula , abrindo algunha xanela, e se isto non é posible polo estado das mesmas , se ventilará abrindo as portas da aula.

O profesorado irá organizando a saída da aula de maneira graduada co fin de evitar agrupacións de alumnado na entrada e saída da aula ou taller.

Ata que a aula non quede baleira **NON SE PERMITIRÁ A ENTRADA** do novo grupo , este grupo deberá esperar nos corredores **RESPECTANDO As DISTANCIA DE SEGURIDADE ,e SEMPRE COA MÁSCARA POSTA.**

Antes de iniciar a entrada na aula, **TODO O ALUMNADO DEBERÁ** realizar a desinfección das súas mans e ao entrar comprobará que o material foi desinfectado polo alumnado anterior , en caso de dúbida deberá proceder a desinfectar mesa, cadeira, computador ou calquera outro material da aula de uso común

4. No caso de saída do alumnado da aula para un receso, á volta a súa aula ,deberá efectuar de novo a desinfección das mans .

ANEXO I. ENQUIA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		